

LSV=Lei Seguridade Vial (RDL 339/1990, de 2 marzo), RXC=Regulamento Xeral Circulación (13/1992, de 17 xaneiro), OMC=Ordenanza Municipal Circulación

EXPTE.	DENUNCIADO	IDENTIFICACION	LOCALIDAD	FECHA	CUANTIA	PRECEPTO	ARTIC.
2000/0251	J SANCHEZ	35.962.213	VIGO	17-6-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0273	A OTERO	35.990.369	VIGO	17-6-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0291	R GONZALEZ	36.053.318	VIGO (PO)	25-6-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0299	J ALVAREZ	76.833.976	VIGO (PO)	25-6-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0305	M PEREIRA	36.056.387	VIGO (PO)	25-6-2000	15000	OMC	13.1
2000/0328	A RODRIGUEZ	36.025.808	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0354	J MOLARES	35.923.735	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0357	R IGLESIAS	35.936.376	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0359	A LOPEZ	36.088.399	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0363	R MARTINEZ	35.818.435	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0365	F OTERO	35.970.422	VIGO	9-7-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0369	J GARCIA	36.032.218	VIGO (PO)	13-7-2000	15.000	OMC	13.13
2000/0376	R CALVAR	35.249.147	VILABOIA	15-7-2000	15.000	RXC	94.1
2000/0397	D DIZ	35.189.001	MOAÑA	25-7-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0402	M RIOS	35.310.585	MOAÑA	25-7-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0409	H CASTELO	53.117.881	MOAÑA	28-7-2000	7.500	RXC	118.1
2000/0410	H CASTELO	53.117.881	MOAÑA	28-7-2000	25.000	LSV	61.1
2000/0416	C RIDESA		BUEU	29-7-2000	15.000	RXC	94.1
2000/0498	E DUAL	35.568.044	PORRIÑO	10-8-2000	7.500	OMC	13.7
2000/0517	TRANSPOTES		VIGO	16-8-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0518	A GONZALEZ	15.886.930	CANGAS	10-8-2000	15.000	OMC	13.7
2000/0519	M DOS	34.878.411	PONTEAREAS	16-8-2000	15.000	LSV	53.1
2000/0527	F GUTIERREZ	78.379.842	PONTEVEDRA	15-8-2000	15.000	RXC	154
2000/0537	C JIMENEZ	11.709.996	MARIN	19-8-2000	15.000	OMC	94.1
2000/0558	A GONZALEZ	15.886.930	CANGAS	26-8-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0559	M COSTA	76.808.936	MOAÑA	23-8-2000	15.000	OMC	13.8
2000/0560	M GARCIA	35.245.443	VIGO	23-8-2000	15.000	OMC	13.1
2000/0569	A ROSENDO	78.737.672	MOAÑA	22-8-2000	15.000	OMC	13.8
2000/0579	V GONZALEZ	35.788.872	MOAÑA	22-8-2000	15.000	OMC	13.1

* * *

A ESTRADA

E D I C T O

Polo Pleno, en sesión do 12 de maio de 2000, acordouse a aprobación do Regulamento de Protección de Medio Ambiente, Limpeza Pública e Recollida de Lixo no Concello da Estrada, exposto ó público no Boletín Oficial da Provincia do 7 de Xuño de 2000, sen que se presentasen reclamacións, polo que transcorrido o prazo de 30 días a aprobación inicial, convertiuse en definitiva.

O Regulamento, entrará en vigor, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia, e transcorran os quince días ós que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reuladora das Bases de Réxime Local.

REGULAMENTO DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE, DE LIMPEZA PUBLICA E DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DA ESTRADA

EXPOSICION DE MOTIVOS

NOTA PREVIA

Sobre a base dos artigos 45 e 149.1.23 da Constitución Española de 1978, e artigos 27.30 e 29.4 da Lei Orgánica 1/81 do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia, esta Comunidade Autónoma ostenta con carácter exclusivo a competencia para aproba-las normas adicionais sobre protección do medio ambiente e paisaxe. Froito deste, aprobouse a lei 1/95 do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, de obrigado cumprimento para toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, que puidese producir deterioro no medio ambiente.

En cumprimento do art 29.2 e da Disposición Adicional 30 da nomeada lei galega, redáctase o presente Regulamento Municipal, co obxecto de satisfacer a crecente preocupación da poboación estradense sobre a materia, e en consecuencia, participar dende a esfera administrativa na educación ambiental e na concienciación ecolóxica, para a transmisión a xeracións vindeiras deste valor sempre presente e agora en alza.

Para a redacción deste regulamento, tívose en conta, ademais da normativa citada, a lei 10/97 do 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia; Lei 1/95 do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia; Decreto 154/98 do 28 de maio, polo que se aprobou o Catálogo de Residuos de Galicia; Decreto 442/90 do 13 de setembro, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia; Decreto 327/91, do 20 de outubro de Avaliación de Efectos Ambientais de Galicia; Lei 10/98 do 21 de abril, de Residuos do Estado; Lei 11/97, do 24 de abril, de Envases e Residuos do Estado; e concordantes.

CAPITULO I DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO PRELIMINAR

I.—Ambito de Aplicación: Serán de aplicación as prescricións do presente regulamento en todo o Termo Municipal da Estrada, podendo entenderse este ámbito por acordo expreso entre os entes locais que constitúan mancomunidades co obxecto de aplica-lo contido do presente Regulamento.

II.—Exercicio de competencias municipais: Poderán ser exercidas polo Alcalde, Concelleiro Delegado, ou calquera outro Organo Municipal que se creara “ad hoc”, que podería esixir de oficio ou a instancia interesada, a adopción das medidas preventivas, correctoras, reparadoras, inspectoras ou sancionadoras necesarias.

ARTIGO 1.B OBXECTO

Este regulamento ten por obxecto a regulación:

- a) Das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos;
- b) Da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos, do seu transporte ó vertedoiro público e, de se-lo caso, do seu tratamento;
- c) Do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade; e
- d) De medidas de protección do medio ambiente natural e urbano.

ARTIGO 2.B DEFINICION

Teñen a condición de refugallos ou lixos sólidos urbanos calquera substancia ou obxecto do que o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de desprenderse.

Clasificación de residuos:

- a) Residuos domiciliarios: os que proceden da normal actividade doméstica ou de establecementos públicos asimilables ós anteriores polo seu volume e natureza. Entre eles, os restos de poda e xardinería, os desfeitos da alimentación, consumo doméstico, e varrido de rúas e vivendas, envoltorios, envases e embalases rexeitados polos cidadáns ou establecementos públicos, restos de consumo de bares, restaurantes e similares, restos de consumo de supermercados, autoservicios e análogos, escouras, cinzas, cabichas, etc.
- b) Residuos industriais: Envoltorios, envases, embalases e residuos propios destas actividades, ademais das actividades comerciais e de servicios, que polo seu volume, peso, humidade ou cantidade non sexan clasificables como residuos domiciliarios.
- c) Residuos sanitarios: Os producidos en centros hospitalarios, clínicos, sanitarios ou asimilables, que por razón da súa orixe ou natureza suporían risco para a saúde humana ou o medio ambiente, entre eles, os residuos biolóxicos das salas de cura ou quirófanos, os patolóxicos e/ou infecciosos (restos de cultivos, obxectos punzantes, etc), ou similares.
- d) Residuos especiais: Entre outros, alimentos ou produtos caducados, mobles e vellos enseres, vehículos abandonados, ou as súas pezas, animais mortos, terras e entullos procedentes de obras civís e construcións (areas e similares empregados na construción, escavacións ou derrubes, etc) ou outros de semellante entidade.
- e) Outros residuos: Os que pola súa natureza ou presentación e determinen polos servicios técnicos municipais, os que, con independencia de que figuren ou non nesta clasificación, interpretarán as dúbidas sobre produtos ou circunstancias que non estean claramente definidas.

ARTIGO 3.B LIMPEZA DE VIAS E ESPACIOS PUBLICOS

A limpeza da rede viaria e dos espazos públicos e a recollida do lixo que se orixine neles realizárasas o concello directamente ou, se procede, a través das empresas xestoras deses servicios públicos, e por entidades supramunicipais.

ARTIGO 4.B LIMPEZA DE INMOBLES E ESPACIOS PRIVADOS

1. A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles ós seus donos.
2. Os titulares e os ocupantes dos inmobles urbanos deberán manter sempre limpos os patios de luces, os de cuarteiróns e as outras áreas comúns.

ARTIGO 5.B PROHIBICIONS

1. Está totalmente prohibido:
 - a) Botar ó chan das vías e dos espazos públicos calquera clase de lixo.
 - b) Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedente da limpeza de locais e vivendas.
 - c) Botar nas papeleiras ou en calquera outro tipo de recipiente dedicado á recollida de lixo, líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes.
 - d) Pór en colectores destinados á recollida selectiva materiais ou lixos distintos dos previstos.
 - e) Fedellar nos colectores e papeleiras ou manipularlos, ou realizar calquera acto que supoña o seu estrago ou deterioración.
 - f) Poñe-lo lixo fora dos contedores máis de media hora antes da súa recollida.

2. Sen prexuízo das penas ou sancións que procedan, os que causen danos nas papeleiras e colectores públicos de residuos sólidos urbanos, deberán indemnizarllos ó concello. A indemnización será determinada e esixida por vía administrativa, previa valoración contradictoria dos servizos técnicos municipais.

ARTIGO 6.B PROHIBICIONS

Tamén está prohibido realiza-las seguintes actividades:

- a) Lavar, limpar e amañar automóbiles, e cambiárlle-lo aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.
- b) Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento na vía pública ou desde unha fiestra, balcón ou terraza que dea sobre ela.
- c) Pór tendedeiras ou tendais de roupa nos ocos das fachadas exteriores dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.
- d) Pór tarros de plantas ou outros elementos nos ocos dos edificios con risco de caída sobre a vía pública.
- e) Cambios de aceites a automóbiles en garaxes, que comporten vertido do aceite usado á Rede de Saneamento Municipal.

ARTIGO 7.B LIMITACIONES DA PUBLICIDADE NA VIA PUBLICA E NOS EQUIPAMENTOS PUBLICOS

1. Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e espazos públicos.

2. Tampouco está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten pegar, prender ou pendurar carteis, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e no equipamento urbanos (por exemplo, en farolas, bancos e marquesiñas). Tamén se prohibe a colocación de folletos nos parabrisas dos automóbiles estacionados na vía pública.

3. Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os que promovan ou xestionen aqueles actos, e, na falta deles, as persoas ou entidades físicas ou xurídicas a prol das que se faga a publicidade.

4. Poden quedar exentos das disposicións contidas nos apartados 1 e 2 anteriores, previa autorización do Concello:

- a) Os actos que constituían propaganda electoral nos períodos e nos lugares sinalados conforme á lei.
- b) Aqueloutras actividades que polo seu especial relevo político ou polo interese público e xeral implicado requiran a realización daquelas formas de publicidade.

ARTIGO 8.B OBRIGAS DOS TITULARES DE ESTABLECEMENTOS

1. Os establecementos permanentes ou de tempada, os ocasionais e os desmontables situados en vías ou espazos públicos están obrigados a manter sempre limpo o lugar no que desenvolvan as súas actividades e mailo seu contorno.

2. Esa obriga tamén lles incumbe ós titulares de cafés, bares e outros establecementos públicos suxeitos a licenza ou autorización municipal, en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como en canto á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

3. Os titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes (como librerías, quioscos, tendas de alimentación, farmacias, etc.) porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os usuarios destes non os boten á vía pública.

ARTIGO 9.B CARGA E DESCARGA DE AUTOMOBILES

1. Cando se fagan operacións de carga e descarga de calquera automóbil que estea situado nunha vía ou espazo público, os interesados deberán limpa-las beirarrúas e calzadas que lixen como consecuencia deses traballos.

2. Están obrigados ó cumprimento do que dispón o apartado anterior os donos dos automóbiles; as persoas que fagan os traballos de transporte,

carga e descarga; e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou inmobles implicados nas operacións sinaladas.

ARTIGO 10.B CIRCULACION DE AUTOMOBILES

1. Os titulares e conductores de automóviles que leven calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública están obrigados a toma-las medidas necesarias para evitalo e, se é o caso, a recolle-los materiais que se desprendan e a limpa-la área afectada.

2. Cando os automóviles de transporte saian de lugares en obras e vaian circular por vías urbanas, deberán limpa-las rodas e baixos para que non lixen as rúas.

ARTIGO 11.B OBRIGAS DOS POSUIDORES DE ANIMAIS

As persoas que leven cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, á parte de mantelos atados e de cumprir coa normativa sectorial vixente, deben impedir que lixen os xardíns e lugares destinados ó tránsito; de se da-lo caso, deben recoller de xeito inmediato os restos que deixen.

CAPITULO II

LIMPEZA DE TERREOS E EDIFICIOS

ARTIGO 12.B OBRIGAS DOS DONOS DE TERREOS E INMOBLES PARTICULARES

1. Os donos de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos sempre limpos e en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade, tal e como se establece na Ordenanza Especial de Limpeza e valado de solares, aprobado polo Concello Pleno o 13 de febreiro de 1998.

2. O concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións previa valoración contradictoria dos servizos técnicos municipais, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio concello e a cargo do obrigado.

3. O incumprimento do deber regulado neste artigo suporá a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable.

ARTIGO 13.B LIMPEZA DE ELEMENTOS LINDEIROS COA VIA PUBLICA

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou calquera outro elemento dun inmovible lindeiro coa rúa, deberanse adopta-

las precaucións necesarias para non molesta-los usuarios da vía pública nin lixar esta.

CAPITULO III

RECOLLIDA DE LIXO

ARTIGO 14.B SERVICIO DE TITULARIDADE MUNICIPAL

1. O Concello da Estrada, directamente ou no seu caso, a través da empresa xestora do servizo ou entidades supramunicipais nas que estivese incorporado, realizará a recollida e o transporte de lixos sólidos domiciliarios e semellantes cos itinerarios, frecuencia e horarios que se determinen, ós que se lles dará publicidade para o seu coñecemento polos veciños, especialmente cando se produzan modificacións.

2. Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización previa do concello.

ARTIGO 15.B DISPOSICION DO LIXO PARA A SUA RECOLLIDA

1. Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos deberán dispolos para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o concello en atención á natureza dos refugalllos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.

2. O concello adquirirá a propiedade do lixo desde a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma da prestación do servizo.

3. Nas áreas, lugares ou barrios onde a recollida se faga mediante colectores de titularidade municipal, os usuarios están obrigados a usalos con coidado e a mantelos en adecuadas condicións de hixiene, e son responsables da deterioración que lles causen pola súa culpa ou negligencia. Todo iso sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica deles, que realizarán os servizos municipais, ou a empresa xestora do servizo.

4. Os usuarios deberán dispor sempre do lixo mediante bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, mesmo cando utilicen os colectores.

ARTIGO 16.B OBRIGA DE ADQUISICION E USO DE COLECTOR NORMALIZADO

O concello, por medio dunha norma regulamentaria ou de resolución da alcaldía, poderá obrigar ós establecementos comerciais ou industriais e ás comunidades de propietarios que reúnan determinadas características a adquiriren e a utilizaren colectores normalizados para o depósito do seu lixo.

ARTIGO 17.B DANOS E PERDAS DERIVADOS DO LIXO

Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos e perdas que se poidan derivar deles, sempre que cumpran as normas reguladoras do seu depósito e entrega.

ARTIGO 18.B LIXOS TOXICOS E PERIGOSOS

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixiráselle ó produtor deles que lles dea o tratamento que ordena a normativa especial aplicable a esa clase de refugallos.

ARTIGO 19.B DEPOSITO E RECOLLIDA SELECTIVA DO LIXO

1. O concello poderá dispor que en todo o territorio municipal, ou en parte del, se depositen por separado en recipientes especiais os lixos susceptibles de distintos tratamentos ou aproveitamentos, como cartóns, latas, vidro, metais, plásticos e outros (recollida selectiva do lixo).

2. O concello programará campañas de concienciación cidadá coa finalidade de responsabilizarlos veciños sobre o impacto ecolóxico do consumo, produción e tratamento de lixos.

ARTIGO 20.B HORARIO E CONDICIONS DE DEPOSITO DE LIXO

1. A colocación de recipientes na vía pública ou o depósito nos colectores non se poderá facer antes dunha hora do paso do automóbil de recollida nin fóra do horario sinalado en cada caso por resolución da alcaldía.

2. Os colectores de lixo particulares deberanse pór onda o edificio ou local que os use co obxecto de evitarlles prexuízos e molestias ós outros veciños.

3. Nos lugares e rúas ós que non poidan acceder os automóviles de recollida, os usuarios deberán leva-los recipientes ós sitios máis próximos a onde cheguen os citados vehículos, que lles serán sinalados polos servicios municipais.

4. Os usuarios do servicio deberán retirar-los recipientes baldeiros da vía pública no prazo de media hora des que se recolleu o lixo, se é de día; e se é de noite, antes das 8:00 h do día seguinte.

ARTIGO 21.B LIXOS EXTRAORDINARIOS

Se algún usuario ten que dispor, de forma extraordinaria, dunha cantidade de lixo superior á que constitúe a produción normal e cotiá do seu domicilio ou establecemento, non poderá utiliza-lo servicio municipal ordinario e deberá poñelo en coñecemento do concello co fin de que este indique a

solución máis adecuada, tendo en conta a natureza dos residuos.

**CAPITULO IV
LIXOS ESPECIAIS****ARTIGO 22.B DEFINICION DE LIXOS INDUSTRIAIS**

Terán a consideración de lixos industriais especiais os que polas súas características non sexan inertes ou semellantes ós lixos urbanos e, en xeral, os que supoñan un risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente.

ARTIGO 23.B OBRIGAS DOS PRODUCTORES E POSUIDORES DE LIXOS INDUSTRIAIS

1. Os produtores ou posuidores de lixos industriais especiais están obrigados a adoptaren as medidas precisas para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación e, se é o caso, aproveitamento deles se faga sen risco para as persoas e o medio ambiente.

2. Estes lixos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade ou eliminados na forma que legalmente corresponda segundo a súa natureza.

ARTIGO 24.B XESTION DE LIXOS INDUSTRIAIS

A xestión dos lixos de orixe industrial que teñan a consideración legal de tóxicos ou perigosos deberase facer a través dunha empresa debidamente autorizada e de conformidade coas disposicións da normativa sectorial correspondente.

ARTIGO 25.B CASCALLOS E ENTULLOS EXTRAORDINARIOS

1. Prohíbese pór nos recipientes normalizados destinados a lixos domiciliarios os cascallos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias.

2. Tampouco se poderán pór nas vías e espacios públicos os entullos de calquera clase de obras de construción, reforma, amaño ou derrubamento de edificios ou movementos de terras.

ARTIGO 26.B RECOLLIDA DE MOBLES E ELECTRODOMÉSTICOS

1. Non se poden pór nas vías e espacios públicos ningunha clase de mobles, electrodomésticos ou obxectos semellantes.

2. As persoas que desexen que llelos recollan deberán solicitarllo ó servicio municipal correspondente, que lles sinalará o día e hora para a súa retirada.

ARTIGO 27.B RECOLLIDA DE ANIMAIS MORTOS

Está prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos ou vías públicas.

ARTIGO 28.B AUTOMOBILES ABANDONADOS

1. Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de automóbiles, ou restos deles.

2. Enténdense como abandonados os automóbiles ou as partes deles situados en vías ou espazos públicos que non son aptos para circular e que presentan signos evidentes de deterioración, carecen de placas de identificación ou permanecen durante longos períodos de tempo en idéntica situación.

3. Os servicios municipais retirarán os automóbiles, en uso das facultades que lles confire ó Concello a lexislación vixente e en concreto o art 292 do Código de Circulación, a Orde do 14 de febreiro de 1974, sobre retirada e depósito de vehículos automóbiles abandonados, art 615 do Código Civil, R.D.L. 399/90, do 2 de marzo e lexislación concorde.

CAPITULO V
DEREITO SANCIONADOR

ARTIGO 29.B ACCION PUBLICA

Calquera persoa poderá denunciar ante o concello as infraccións contra o presente regulamento e as disposicións específicas sobre a materia.

ARTIGO 30.—RESPONSABILIDADE

Os efectos deste Regulamento, serán considerados responsables das infraccións previstas no mesmo:

- a) As persoas que directamente executen a actividade infractora ou as que a ordenen, canto o executor directo estea obrigado a cumpri-la devandita orde.
- b) As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares ou promotoras da acción ou omisión infractora.
- c) Se concorresen varias persoas físicas ou xurídicas na autoría da infracción, ou cando o deterioro ambiental fose froito duna acumulación de infraccións e non fose posible discerni-lo grao de participación efectiva de cada unha delas, a responsabilidade solidaria.
- d) Os produtores de residuos que os entreguen para a súa eliminación a un terceiro non autorizado, serán responsables solidarios con este de calquera prexuízo que se derivase, así como das sancións que correspondese impoñer.
- e) Dos danos producidos froito da mala fe na entrega dos residuos ou da desinformación sobre as características dos produtos entregados, será responsable que efectuase a entrega.

ARTIGO 31.B DEFINICION E CLASES DE INFRACCIONS ADMINISTRATIVAS

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñen as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

ARTIGO 32.B PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

1.—Tramitación: A incoación, ordenación, instrucción e resolución dos expedientes administrativos sancionadores en materia de disciplina medioambiental contemplada por este Regulamento, observará o capítulo 2 do Título 9 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Real Decreto 1398/93 do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Considéranse infraccións as tipificadas como tales neste Regulamento ou disposicións concordantes das que trae causa.

Só se poderá iniciar un expediente administrativo disciplinario, se os feitos se atopan debidamente tipificados ou constitutivos de infracción na normativa citada.

2.—Inspeccións: As autoridades municipais ou persoal funcionario ou laboral municipal debidamente identificado e requirido, poderán realizar inspección entrando en instalacións, locais ou recintos, cantas veces sexa necesario, atopándose os propietarios, titulares-responsables ou usuarios das mesmas obrigados a permiti-lo seu acceso, sempre que a actividade inspectora teña por obxecto garanti-lo cumprimento das prescricións deste Regulamento.

3.—Medidas cautelares e reparadoras: Cando existise risco grave ou inminente para a materia protexida por este Regulamento, o órgano municipal competente para a incoación do expediente, poderá ordenar motivadamente a suspensión inmediata da actividade, sen prexuízo de que simultaneamente, previa ou posteriormente se inicie o expediente disciplinario. A adopción destas medidas cautelares esixirá audiencia do interesado por prazo de tres días, agás situación que esixan unha resposta ou actuación inmediata.

As medidas cautelares para evitar ou paraliza-la acción productora do dano medioambiental poderán ter unha duración non superior a seis meses. Poderanse adopta-las medidas cautelares que sexan necesarias para tal protección dentro dos límites de sa razón e con respecto exquisito ós dereitos fundamentais e liberdades públicas, e sen prexuízo de solicita-las oportunas autorizacións xudiciais, ou dar conta a estas instancias, de ser necesario.

Se se impuxesen medidas reparadoras, determinarase o prazo das mesmas, coa posibilidade de simultanearse coas medidas cautelares. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá repara-lo dano causado, aspecto sobre o que determinará o órgano municipal competente para impoñe-la sanción, sen prexuízo de que o Concello impoña multas coercitivas nos termos do art 42.2 da Lei 1/95 do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, para o caso de que o infractor non reparase o dano.

ARTIGO 33.B INFRACCIONS MOI GRAVES

Constitúen infraccións moi graves:

- 1) A reincidencia na comisión de tres faltas graves no período de dous anos.
- 2) A realización de actividades de recollida, transporte, aproveitamento ou depósito de lixos sen autorización ou licencia.
- 3) A obstrución ou impedimento ó labor inspector do concello.
- 4) O vertido de lixos e refugallos en lugares non autorizados.

ARTIGO 34.B INFRACCIONS GRAVES

Constitúen infraccións graves:

- 1) A reincidencia na comisión de tres faltas leves no período de dous anos.
- 2) A realización de actos de manipulación ou deterioración do equipamento de recollida de lixo; a realización de actos de propaganda mediante lanzamento de carteis ou folletos en vías e espazos públicos.
- 4) A incumprimento das normas sobre depósito e retirada de cascallos nas vías públicas.
- 5) A colocación de carteis e a realización de inscricións e pintadas en lugares non permitidos.
- 6) O abandono de mobles, animais mortos ou automóviles nas vías ou nos espazos públicos.

ARTIGO 35.B INFRACCIONS LEVES

Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como moi grave ou grave.

ARTIGO 36.B SANCIONS

1. As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de ata 15.000 ptas.; as graves, con multa de 15.001 a 50.000 ptas.; e as moi graves, con multa de 50.001 a 100.000 ptas.

Todo isto sen prexuízo de esixirilles ós responsables da infracción, se fose o caso, que realicen os traballos de eliminación dos lixos e que indemnicen os danos causados.

2. No caso de reincidencia na infracción do deber contido no artigo 8 deste regulamento, tamén se poderá impoñe-la sanción de retirada temporal da licencia ou autorización municipal para o funcionamento do establecemento de que se trate, ata un máximo dun ano, co correspondente precinto do establecemento sen dereito a indemnización, nin devolución de taxas ou outros dereitos económicos.

Disposición final

Este regulamento que consta de trinta e seis artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello da Estrada, e publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Estrada, 4 de setembro de 2000.—O Alcalde,
ilexible. 7422

E D I C T O

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2000, aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas para a concesión do uso privativo de ben de dominio público, mediante a instalación de quioscos en terreos públicos, o que se fai público a efectos de reclamacións, durante o prazo de 8 días, conforme ó establecido no art. 122 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

“PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA CONCESION DO USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PUBLICO MEDIANTE A INSTALACION DE QUIOSCOS

1.—OBXECTO E NATUREZA

O obxecto da concesión é o uso privativo de terreos públicos para a instalación de dous quioscos sitios, un nos xardíns municipais con destino a venda de prensa e revistas, bar e aseos públicos, o outro instalarse na praza Martínez Anido e terá como fin a venda de prensa e revistas e mantemento de un aseo público. Ambolos dous poderán vender golosinas, xelados e auga.

Situación: a marcada no plano.

Superficie a ocupar: o quiosco dos xardíns 46,48 m², o da Praza Martínez Anido 10,3 m². A superficie indicada está medida unicamente cando o quiosco se atope pechado polo que se ampliará coas portas e o panel publicitario.

Modelo do quiosco: o sinalado nos planos que se considerarán parte integrante deste prego.

O contrato de concesión ten a natureza de contrato administrativo de uso privativo e anormal

dun ben de dominio público, uso público, que se rexirá polo presente prego de cláusulas administrativas, e o non previsto neste, pola Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 13 de xuño de 1986 e o Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño de contratos das Administracións Públicas.

2.—CRITERIOS QUE SERVIRAN DE BASE A LICITACION

Os criterios obxectivos polos que se levará a cabo a presente concesión baséanse en razóns de tipo social e de servizo ó público en xeral. Valoráranse do seguinte xeito:

- Empresas que se adiquen exclusivamente a facilitar emprego a traballadores minusválidos, que deberán de ocuparse como empregados nestes quioscos: 6 puntos (ou 8 puntos se o persoal pertence ó Termo Municipal da Estrada).
- Entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, que realicen prestacións de carácter social ou asistencial: 6 puntos.
- Persoas físicas con minusvalías que non impidan a realización deste traballo, segundo o grao de minusvalía: ata 6 puntos.
- Persoas con máis de cinco anos en paro como demandantes de primeiro emprego, preferentemente
Canon anual: 1 punto por cada 150.000 ptas., que superen o tipo mínimo que se fixa nestos pregos.

3.—CAPACIDADE PARA CONCORRER

Poderán participar neste concurso as persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar que non se atopen incursoas en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o Real Decreto Lexislativo 2/2000.

4.—OBRAS E INSTALACIONES

Os quioscos deberán ser construídos polos adxudicatarios, quen tamén sufragarán os gastos de instalación e de mantemento, como subministro de enerxía eléctrica.

O Concello levará a cabo a conexión dos servizos de auga e rede de sumidoiros.

5.—DURACION DA CONCESION

A concesión outórgase por un prazo de quince anos contados a partires da notificación da adxudicación definitiva, que terá lugar mediante concurso procedemento aberto.

O prazo indicado poderá prorrogarse, a vontade do Concello, por dez anos máis. Unha vez transco-

rrido o mesmo, cesará o uso privativo do dominio público e revertirá o quiosco á propiedade municipal polo prezo venal, sen prexuízo do que se establece na cláusula 10. A permanencia no uso privativo do dominio público transcorrido o prazo da concesión, non conferirá dereito algún ó concesionario que ocupará o dominio público por mera tolerancia.

6.—CANON

O canon mínimo que serve de base á licitación fíxase en 15.000 ptas. anuais para o quiosco sito nos xardíns municipais e 5.000 ptas., anuais para o sito na Praza Martínez Anido.

O canon poderá ser revisable anualmente en virtude do I.P.C.

7.—GARANTIAS

Os licitadores deberán constituir na caixa da Corporación unha garantía provisoria de 7.436 ptas. para o quiosco sito nos xardíns municipais e de 2.407 ptas., para o sito na Praza Martínez Anido, cantidades equivalentes ó 2% da valoración de terreos que se ocupan realizada polo Arquitecto autor da memoria.

A garantía definitiva será de 18.592 ptas., para o quiosco dos xardíns municipais e de 6.018 ptas., para o sito na Praza Martínez Anido.

A garantía provisoria devolverase ós non adxudicatarios unha vez se leve a cabo a adxudicación definitiva e ó adxudicatario ó constituirse a garantía definitiva.

8.—DEREITOS E DEBERES DO CONCESIONARIO

- A) Usá-lo dominio público asignado de modo privativo e exerce-la actividade autorizada.
- B) Cobrar libremente ó público os prezos establecidos para as mercadorías en venda.
- C) Executa-las obras de instalación do quiosco no prazo de tres meses dende a adxudicación definitiva. De non facelo entenderíase caducado o dereito do concesionario e perdida a garantía depositada.
- D) O concesionario poderá vender unicamente prensa e revistas e as propias dun bar no quiosco dos xardíns municipais, debéndose dar de alta na correspondente tarifa do I.A.E. No quiosco da Praza Martínez Anido a venda será de prensa, revistas, xelados, auga, refrescos e golosinas. Non se permitirá a venda de tabaco nin de bebidas alcólicas.
- E) Garantizarase ós particulares o uso do aseo existente en ámbolos dous quioscos que deberá manterse en debidas condicións de salubridade e limpeza polos adxudicatarios.

- F) Esta concesión non será transmisíbel en ningunha forma salvo con autorización expresa do Concello.
- G) A explotación da concesión deberá ser realizada en todo momento por persoas que reúnan as condicións que serviron de base á licitación.
- H) Sufraga-los gastos de luz e demais necesarios para o desenvolvemento da actividade, excepto a auga que será por conta do Concello, ó utilizarse en aseos de carácter público.
- I) Cumprí-las obrigas de carácter administrativo en relación coa apertura da actividade e as de tipo tributario que correspondan, debéndose dar de alta nos impostos correspondentes.
- J) Suscribir unha póliza contra incendios cunha entidade aseguradora que cubra un mínimo de 10 millóns de pesetas, e unha póliza de responsabilidade civil coa mesma cobertura mínima.
- K) Responsabilizarse da limpeza e conservación dos aseos, aportando o material que sexa necesario.

9.—DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO

O Concello ten a prerrogativa de interpreta-lo contrato e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento así como modificalo por razóns de interese público ou acorda-la súa resolución. Os tribunais competentes para coñecer das cuestións que se poidan suscitar será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

O Concello autorizará nos quioscos a publicidade de actividades de integración social e laboral que se desenvolvan pola Consellería de Familia e Fundación Caixa Galicia. O concello autorizará nos quioscos, a exhibición do escudo do Excmo Concello da Estrada.

10.—RESCATE

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.

11.—INFRACCIONS

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves:

- a) As simples irregularidades no cumprimento do prego de condicións.
- b) A venda practicada fóra do perímetro autorizado.

Son infraccións graves:

- a) A reiteración de infraccións leves.
- b) A actuación do concesionario que produza danos no dominio público ou nas instalacións.
- c) Venda realizada por persoa non autorizada.
- d) Negativa a facilita-la información requerida pola Alcaldía do Concello.
- e) Exercicio de actividades que non sexan obxecto desta concesión.

Son infraccións moi graves:

- a) A reiteración de infraccións graves.
- b) Infraccións que produzan prexuízos que pola súa importancia poidan producir graves alteracións.

Con independencia das sancións se se producen danos en bens ou instalacións públicas, o concesionario quedará obrigado a indemnizar ó Concello na cantidade en que se valoren os mesmos.

12.—SANCIONS

- a) As infraccións leves ata 5.000 ptas.
- b) As infraccións graves ata 15.000 ptas.
- c) As infraccións moi graves ata 25.000 ptas., ou resolución da concesión.

A potestade sancionadora correspóndelle ó Alcalde. Para as infraccións leves bastará con dar audiencia ó infractor. Das graves ou moi graves seguirase o procedemento establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

13.—RESOLUCION DA CONCESION

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo.
- b) O mútuo acordo.
- c) A incapacidade do concesionario, morte ou disolución da sociedade no seu caso.
- d) A falta do pagamento do canon.
- e) O non exercicio da actividade durante un prazo de tres meses.
- f) Non mante-lo quiosco ou os aseos nas debidas condicións de decoro, salubridade, orna-to ou utilización pública.
- g) O rescate.
- h) A resolución xudicial.
- i) O incumprimento das condicións do presente prego.

14.—PRESENTACION DE PROPOSTAS

Os licitadores poderán presentar as correspondentes propostas na Secretaría do Concello, en horas de oficina durante o prazo de vinteseis días

naturais contados dende a publicación do correspondente anuncio no D.O.G.

Presentaranse dous sobres que conterán a inscrición: “Proposición para tomar parte na concesión para adxudicación por concurso, procedemento aberto, do uso da vía pública para instalación de quiosco”.

Sobre A) conterá a seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade ou fotocopia compulsada.
- b) Se se trata de persoa xurídica escritura de poder bastanteada e legalizada.
- c) Declaración responsable feita ante notario ou funcionario do Concello de non estar incurso en prohibición de contratar conforme establece o Real Decreto Lexislativo 2/2000 de Contratos das Administracións Públicas.
- d) Resgardo acreditativo da garantía provisoria.
- e) Xustificantes dos criterios que concorren no licitador para levar a cabo a valoración establecida na cláusula 2 deste prego.

Sobre B) co seguinte modelo:

D....., con enderezo en Municipio de en nome propio (ou en representación de.....) enterado do expediente de adxudicación por concurso, procedemento aberto da concesión demanial do uso privativo para instalación de dous quioscos, comprométome a instalalos mesmos segundo proxecto e prego de cláusulas administrativas que acepto íntegramente, comprometéndome a aboar polo quiosco dos xardíns un canon anual de e polo quiosco da Praza Martínez Anido un canon anual de

Data e sinatura.

As ofertas poderán realizarse por un ou polos dous quioscos.

A Estrada, 7 de setembro de 2000.—O Alcalde, 7423

EDITO

Neste Concello solicitouse por don Juan Antonio Salgueiro Paz, licencia municipal para acondicionamento de local con destino a cafetería en Avda. Benito Vigo, 7 baixo.

Cumprido co disposto no artigo 36.5 a) do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de 27 de agosto de 1982, sométese ó expediente orixinado a información pública, podendo ser examinado nestas oficinas municipais no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte á inserción do presente edito no BOP, podendo neste prazo presentar contra o mesmo as alegacións ou exposi-

cións, individuais ou colectivas, tanto de oposición como de modificación ou rectificación que consideren oportunas.

A Estrada, 12 de xuño de 2000.—O Alcalde, ilexible. 7431

* * *

O ROSAL

EDICTO

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por doña Manuela Alvarez Alvarez, licencia municipal para la apertura de “Cafetería especial”, a emplazar en Bº Cunchada, cumpliendo lo dispuesto por el apartado a), del número 2, del art. 30 del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo —que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la provincia— pueda examinarse el expediente, en la Secretaría de este Ayuntamiento por las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar y formular por escrito las reclamaciones u observaciones que estimen oportunas.

O Rosal, a 16 de setembro de 2000.—El Alcalde, ilegible. 7323

* * *

TUI

EDITO

Polo prazo de dez días expóñense o público o seguinte expediente:

— Solicitud de dona María Eugenia Alonso Méndez, para apertura dunha “Clínica Veterinaria”, sita na Avda. da Concordia número 80, baixo desta cidade.

Tui, 18 de setembro de 2000.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 7344

* * *

VILAGARCIA DE AROUSA

EDITO

Cumprido o prazo de exposición ó público da aprobación provisional sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, de acordo co establecido no art. 17.3 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, queda definitivamente aprobado o expediente seguinte, e de acordo co número 4 do mesmo artigo publícase o texto dos artigos modificados: